

www.turismo.gal

PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS



GALICIA
CALIDADE

Xacobeo  2027



**RUTA DO VIÑO
MONTERREI**
Do 8 ao 10 de maio

Valdeorras Ruta do Viño

**RUTA DO VIÑO
VALDEORRAS**
Do 15 ao 17 de maio



**RUTA DO VIÑO
RÍAS BAIXAS**
Do 22 ao 24 de maio



**RUTA DO VIÑO
RIBEIRA SACRA**
Do 29 ao 31 de maio



**RUTA DO VIÑO
RIBEIRO**
Do 5 ao 7 de xuño



PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS

En qué consiste?

Trátase dun programa de actividades de enoturismo desenvolvido, de maneira conxunta e simultánea, nos cinco grandes territorios vitivinícolas galegos: Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras. Durante cinco fins de semana entre os meses de maio e xuño poderás facer visitas guiadas e gratuítas ás adegas participantes nesta promoción. Todas terán as súas portas abertas para ti durante a fin de semana da campaña*.

Ao finalizar a visita ofreceranche como agasallo unha degustación dalgún dos seus viños.

Tamén atoparás diferentes establecementos de restauración onde poderás escoller menús concibidos especialmente para esta ocasión, harmonizados con viños da Denominación de Orixe na que te atopas.

En cada Ruta poderás realizar ademais un completo plan de actividades durante a fin de semana: autobuses do viño, catas comentadas, visitas a museos, rutas monumentais, paseos en barca, descontos en aloxamentos e outras accións relacionadas co mundo do viño.

*Realizaranse tres visitas guiadas o sábado e unha o domingo, co seguinte horario de atención ao público:


- Sábado: 11.00 h, 12.30 h e 17.00 h
- Domingo: 12.00 h

Recoméndase confirmar as visitas ás adegas previamente por teléfono

Nas redes sociais de Turismo de Galicia realizaremos tres concursos por cada Ruta do Viño nos que sortearemos en total 15 premios consistentes no aloxamento da noite do sábado para dúas persoas en cuarto dobre nun dos establecementos asociados participantes máis o xantar do domingo nun restaurante socio da Ruta.

Sigue as nosas redes sociais e participa!

<https://www.facebook.com/Turgalicia>
Instagram: @turismodegalicia
www.turismo.gal



**PROGRAMA ESPECIAL DE ACTIVIDADES
PRIMAVERA DE PORTAS ABERTAS**

Do 15 ao 17 de maio

MÁIS INFORMACIÓN:

Ruta do Viño Valdeorras

Tel.: 604 078 753

(de 09.00 h a 18.00 h, de luns a venres)

www.rutadelvinovaldeorras.com

info@rutadelvinovaldeorras.com

Buses do viño

Servizo de transporte para visitar adegas o sábado 16 e o domingo 17 de maio durante todo o día. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico.

Prezo: 10€/adulto - 5€/nen@ (de 3 a 13 anos)

O xantar non está incluído

Prazas limitadas, recoméndase reserva previa

Sábado | 16 de maio

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
1	10.15 h Ponferrada (Albergue municipal de Peregrinos)	11.30 h Terriña Adegas e Viñedos 13.15 h Castelo do Bolo 14.40-16.20 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.30 h Quinta da Peza (adega) 18.30 h A Coroa (adega)	20.45 h
2	09.00 h Ourense (Parque de San Lázaro, con parada na gasolinera GALP de Monforte de Lemos para recoller máis participantes)	11.00 h As Ermidas 12.30 h Adega Melillas e Fillos 14.15-15.45 h Tempo libre para xantar na Rúa ou no restaurante Paladium 16.00 h Bodegas Godeval 17.30 h Bodegas Blare	21.00 h
3	08.15 h A Coruña (parada de buses xunto ao Obelisco)	11.00 h Adega O Casal 12.30 h Adega A Bágoa 14.00-16.00 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras ou no restaurante Calzada 16.20 h Bodega Joaquín Rebolledo	21.30 h

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
4	08.15 h Santiago de Compostela (Dársena Xoan XXIII)	11.15 h Cova da Xabreira (adega) 13.00 h Adega Alan de Val 14.45-16.45 h Tempo libre para xantar na Rúa 17.00 h O Luar do Sil (adega)	21.00 h
5	08.30 h Vigo (Avda. de Madrid, xunto a clínica Concheiro)	11.15 h Quinta da Peza (adega) 13.00 h Bodegas Godeval 14.45-16.30 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras ou no restaurante Pazo do Castro 16.30 h Adega O Casal	20.45 h
6	08.15 h Pontevedra (Praza de Galicia-Hiperxel)	11.15 h A Coroa (adega) 12.45 h Sampayolo (adega) 14.30-16.15 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.30 h Bodega Roandi	21.00 h

Domingo | 17 de maio

AUTOBÚS	SAÍDA	VISITAS	REGRESO
1	10.15 h Ponferrada (Albergue municipal de Peregrinos)	11.30 h Bodega Joaquín Rebolledo 13.00 h Adega Melillas e Fillos 14.30-16.15 h Tempo libre para xantar na Rúa 16.30 h Sampayolo (adega) 18.30 h Adega A Bágoa	20.45 h
2	09.15 h Ourense (Parque de San Lázaro, con parada na gasolinera GALP de Monforte de Lemos para recoller máis participantes)	11.00 h Adega Alan de Val 12.45 h Bodega Roandi 14.30-16.00 h Tempo libre para xantar no Barco de Valdeorras 16.15 h Bodegas Blare 17.30 h Terriña Adegas e Viñedos	20.45 h

A organización resérvase o dereito a modificar o programa en función da dispoñibilidade dos espazos e establecementos a visitar, así como a anular algunha das actividades ou rutas do bus en caso de non chegar a un mínimo de 12 participantes. Prazas limitadas. O xantar non está incluído. Os horarios de chegada son aproximados.



TÚNEL DO VIÑO

Un Túnel do Viño inaugurará ás 20:00 horas a Primavera de Portas Abertas da Ruta do Viño de Valdeorras. Esta actividade terá lugar nos xardíns do Hotel Monumento Pazo do Castro, onde poderemos catar 26 referencias de viño das adegas participantes na Primavera, ofrecendo unha visión ampla e representativa da calidade e variedade vitivinícola de Valdeorras. O formato túnel permitirá realizar un percorrido cómodo polas distintas propostas, coñecendo de primeira man os viños que protagonizan esta nova edición. A sesión estará ambientada musicalmente por DJ Repunante, creando un ambiente dinámico e atractivo para gozar dunha experiencia completa arredor do viño.

- 🕒 Venres 15 de maio, ás 20.00 h
- 💶 10 €
- 📍 Xardíns do Hotel Monumento Pazo do Castro (O Barco de Valdeorras)
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño Valdeorras
Tel.: 604 078 753
(de 09.00 h a 18.00 h, de luns a venres)
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

ENTRE VIÑOS E QUEIXOS EN VALDEORRAS

A Ruta do Viño convídanos a gozar dunha experiencia única no corazón dun viñado de Valdeorras. Nunha contorna privilexiada, cataremos dous viños da zona acompañados de tres queixos galegos, seleccionados para crear combinacións cheas de matices e harmonía. A actividade estará dirixida pola enóloga Cecilia Fernández, quen nos guiará dunha maneira próxima e didáctica pola descuberta de aromas, sabores e sensacións. Un encontro para deixar espertar os sentidos e descubrir o carácter dos viños e queixos da nosa terra.

- 🕒 Domingo 17 de maio, de 11.00 a 13.00 h
- 💶 20 € | Grupo mínimo de 10 persoas e máximo de 15
- 📍 Consultar
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Ruta do Viño Valdeorras
Tel.: 604 078 753
(de 09.00 h a 18.00 h, de luns a venres)
www.rutadelvinovaldeorras.com
info@rutadelvinovaldeorras.com

ACTIVIDADE NO CONCELLO DO BARCO: "TEMOS UN CAMIÑO: DÉCIMO ANIVERSARIO DA OFICIALIZACIÓN DO CAMIÑO DE INVERNO"

Paseo de catro quilómetros e medio polo Camiño de Inverno no décimo aniversario da súa oficialización ao seu paso polo casco urbano do Barco. A saída farase desde a Cooperativa do Barco -incluíndo visita ás súas instalacións- para percorrer o Camiño de Inverno que transcorre polo casco vello do Barco, O Malecón, Veigamuíños, Tremiñá e A Proba. Realizaremos diferentes paradas para ir coñecendo a historia do Barco e dos seus arredores e lugares peculiares de interese. Remataremos a visita na igrexa de Santa María da Proba cun petisco acompañado de viño do Barco e produtos locais no local social dos chalets de Veigamuíños.

- 🕒 Sábado 16 de maio, ás 10.30 h
- 💶 Gratis | Grupo mínimo de 10 persoas e máximo de 30
- 📍 Saída dende a Cooperativa do Barco (O Barco de Valdeorras)
- 📄 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Concello do Barco de Valdeorras
Tel.: 604 076 918
www.concellodobarco.gal
infoturismo@concellodobarco.org



ACTIVIDADES NO CONCELLO DO BOLO

VISITA GUIADA AO SANTUARIO DE SANTA MARÍA DAS ERMIDAS

Visita guiada ao santuario barroco, declarado BIC no ano 2006.

🕒 Sábado 16 e domingo 17 de maio, ás 11.00 h

€ Gratis

VISITA GUIADA AO MUSEO DE YOSSO

🕒 Sábado 16 de maio, ás 12.15 h

€ 1 €/adulto e menores de 12 a 18 anos. Menores de 6 a 12 anos: 0,50 €. Menores de 6 anos, gratis.
Prezo especial Primavera de Portas Abertas
Prazas limitadas

VISITA GUIADA AO CASTELO DO BOLO

Visita guiada ao castelo medieval do Bolo e ao Museo da Oleiría do Seixo.

🕒 Sábado 16 e domingo 17 de maio, ás 13.15 h

€ 1 €/adulto e menores de 12 a 18 anos. Menores de 6 a 12 anos: 0,50 €. Menores de 6 anos, gratis.
Prezo especial Primavera de Portas Abertas
Prazas limitadas

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Concello do Bolo
Tel.: 606 017 105
www.obolo.es
turismo.concellodobolo@gmail.com

PARQUE NATURAL SERRA ENCIÑA DA LASTRA

Visita ao Centro de Interpretación e visitas guiadas ao parque natural ubicado no concello de Rubiá, onde a aciñeira, que dá nome ao parque, ten historia de seu. Esta árbore significa clima mediterráneo e solos calcarios, por iso resulta escasa no resto do territorio galego. Observaremos tamén outras árbores como sobreiras, rebolos, amendoeiras, oliveiras, convivindo con vellos castiñeiros. O parque posúe un gran número de "palas", covas (aquí está a meirande rede de cavidades subterráneas de Galicia). A fauna da serra está composta por aves rapaces, morcegos e un gran número de invertebrados ligados ao característico clima desta zona, o de menor pluviosidade de toda a comunidade autónoma.

🕒 Venres 15, sábado 16 e domingo 17 de maio:
de 10.30 a 14.30 h e de 16.00 a 19.30 h

€ Visita libre e gratuíta

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Servizo de Patrimonio Natural de Ourense
Tel.: 988 386 376
<https://patrimonionatural.xunta.gal/>
servizo.conservacion.natureza.ourense@xunta.gal



RUTAS POLAS MONTAÑAS DE VALDEORRAS

A empresa de servizos Rutas Xanzá propón unha ruta de ida e volta de casi catorce quilómetros e medio. Sairemos dende O Barco de Valdeorras en 4x4 para achegarnos á base do Pico Maluro, onde deixaremos o coche para comezar a andaina. Subiremos o pico para despois baixar ata Campo Raso por un sendeiro estreito que nos levará ata o Crestón, onde gozaremos das impresionantes vistas dos vales glaciares do río Meladas e do bosque de montaña Foio Castaño. O noso seguinte obxectivo será Pena Trevinca, á que subiremos por un empinado carreiro ata chegar aos 2.217 m, alcanzando así o pico máis alto de Galicia.

- 🕒 Sábado 16 de maio, ás 09.30 h
A ruta ten unha duración aproximada de 7 horas
- € 30 € | Inclúe transporte en 4x4, guía e seguros de responsabilidade civil e accidentes
Hai que levar roupa e calzado axeitados, bocadillo e auga | Máximo 8 participantes
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Rutas Xanzá
Tel.: 649 538 028
www.rutasxanza.com
info@rutasxanza.com

BENESTAR ENTRE VIÑEDOS DE VALDEORRAS

A empresa de servizos Enoturismo Galicia organiza unha MDA (Meditación Dinámica da Alma), unha experiencia guiada única, en plena natureza, rodeados de viñedos, coa que, a través do movemento consciente, a respiración e a música, os participantes conectarán cos seus corpos e as súas emocións, nun contorno tranquilo e auténtico. Posteriormente realizarán unha visita guiada a Terriña Adegas e Viñedos, onde gozarán dunha degustación dos seus viños acompañados de petiscos, rematando así unha xornada pensada para desfrutar con todos os sentidos.

- 🕒 Sábado 16 de maio, de 11.00 a 14.00 - 14.30 h.
- € 47 € | Grupo mínimo de 10 persoas e máximo de 15
Non inclúe transporte
- 📍 Terriña Adegas e Viñedos (Petín)

PRIMAVERA CON BURBULLAS NA ADEGA BERCE DE ESCUMOSOS NA D.O. VALDEORRAS

Bodega Roandi ofrece unha experiencia diferente na primeira adega da D.O. Valdeorras especializada na elaboración de viños escumosos. Da man dunha sommelier, Embaixadora Española de Champagne e Formadora Homologada de Cava, faremos un percorrido apaixonante polo mundo das burbullas e polo proceso de elaboración dos escumosos segundo o método tradicional (segunda fermentación en botella). A actividade inclúe cata de viño, degustación de escumosos "estrela", visita á cova de crianza e petiscos harmonizados especialmente para esta ocasión.

- 🕒 Sábado 16 de maio, ás 12.30 h
- € 20 €
- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Bodega Roandi
Tel.: 988 335 198
www.bodegaroandi.com
info@bodegaroandi.com

- 📍 **MÁIS INFORMACIÓN:**
Enoturismo Galicia
Tel.: 676 101 649
www.enoturismogalicia.es
info@enoturismogalicia.es



VALDEORRAS A CEGAS: HISTORIA, ADEGA E CATA A CEGAS

A Adega Melillas e Fillos oferta unha visita guiada ás súas instalacións e aos seus viñedos, coa que coñeceremos as variedades de uvas, a importancia do solo, os diferentes procesos de vinificación... Visitaremos tamén unha cova típica do lugar, do século XVII. Posteriormente gozaremos dunha cata a cegas descubriendo o viño dun xeito diferente: cos ollos tapados teremos que adiviñar a variedade, polo sabor, e agudizar o olfato para decidir se se trata dun viño xoven ou de barrica.

- 🕒 Sábado 16 de maio, de 17.00 a 20.00 h
- € 40 € | Grupo mínimo de 10 persoas, máximo de 20

📍 MÁIS INFORMACIÓN:
Adega Melillas e Fillos
Tel.: 699 358 747
www.adegamelillas.com
info@adegamelillas.com

VISITA Á COVA E Á ADEGA. CATA DE VIÑOS

Os participantes descubrirán a tradición vinícola coa visita guiada á antiga cova de elaboración de viño da Adega Alan de Val. A continuación, trasladaránse á adega, onde coñecerán o proceso actual de elaboración e visitarán o viñado que a rodea. Degustaranse tres das referencias da bodega acompañadas duns petiscos típicos da zona. Un percorrido que combina historia, innovación e os sabores únicos da nosa terra.

- 🕒 Sábado 16 de maio, ás 17.30 h
- € 20 € | Reservas só mediante chamada telefónica ou WhatsApp

📍 MÁIS INFORMACIÓN:
Adega Alan de Val
Tel.: 636 727 848
www.alandeval.com
alandeval@alandeval.com

VALDEORRAS: UNHA HISTORIA POR CONTAR

A empresa Valdeorras é Viño organiza unha visita guiada dende o casco vello da Rúa ata a zona de covas "As Pinguelas", con remate na Cova da Bodega Joaquín Rebolledo, onde poderemos catar un viño godello e un mencia, acompañados de empanada e embutidos. Coñeceremos a historia de Valdeorras e desta adega. Faremos unha pequena andaina dun quilómetro aproximadamente, dende a Bodega Joaquín Rebolledo ata a Cova na zona das Pinguelas.

- 🕒 Sábado 16 de maio, ás 17.30 h
- € 30 € | Grupo mínimo de 6 persoas, máximo de 15
- 🕒 Prazo máximo para reservar: 13 de maio

📍 Bodega Joaquín Rebolledo

📍 MÁIS INFORMACIÓN:
Valdeorras é Viño
Tel.: 619 086 326
www.valdeorrasvino.com
valdeorrasvino@gmail.com

NOTAS, AROMAS E ACORDES

Producciones Culturales SilFest convídanos a vivir unha experiencia na que o viño deixa de ser só unha bebida para transformarse en emoción. Propóñennos unha maridaxe sonora, unha cata sensorial -acompañada de petiscos- deseñada para conectar a terra, a música e o padal nun escenario senlleiro, o balcón de Bodega Roandi. A sommelier Mercedes González guíaranos a través dunha escolma de viños con alma, desvelando as historias agochadas tras cada etiqueta... A súa narración atopará un reflexo perfecto nos acordes de Tomás Porteiro, quen interpretará en directo pezas seleccionadas para harmonizar de maneira excelente, creando unha atmosfera íntima e vibrante entre viñedos.

- 🕒 Sábado 16 de maio, ás 20.00 h
- € 25 € | Aforo máximo: 40 persoas
- 📍 Bodega Roandi

📍 MÁIS INFORMACIÓN:
Producciones Culturales SilFest
Tel.: 644 150 895
www.silfestvaldeorras.com
info@silfestvaldeorras.com



CEA-CÓCTEL

O establecemento A Pontevelle organiza unha cea cóctel con viños da D.O. Valdeorras. A cea estará amenizada con música e, se o permiten as condicións meteorolóxicas, celebrarase no xardín do establecemento, sobre o río Sil.

- 🕒 Sábado 16 de maio, ás 21.00 h
- € 36 € | Grupo mínimo 25 persoas

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

A Pontevelle
Tel.: 624 003 432 / 988 322 022
www.alojamientopontevelle.com
info@alojamientopontevelle.com
reservas@alojamientopontevelle.com

MERENDA-DEGUSTACIÓN

A Rectoral de Seadur oferta nesta Primavera unha merenda con degustación de viños da D.O. Valdeorras na cova rehabilitada A Almendreira, en Seadur, onde gozaremos das vistas ao val. Os petiscos serán produtos da zona: embutidos, empanada, pementos asados...

- 🕒 Sábado 16 e domingo 17 de maio, ás 18.00 h
- € 17 €

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

A Rectoral de Seadur
Tel.: 698 185 829
www.arectoraldeseadur.com
info@arectoraldeseadur.com



RUTA A SAN XIL E PALA DE CABRAS

A empresa Eco dos Teixos organiza unha ruta guiada á ermida de San Xil e ás pinturas rupestres de Pala de Cabras, onde se veñen de atopar as pinturas rupestres mellor conservadas de Galicia, unha representación do legado dos nosos devanceiros, de hai máis de catro mil anos. Realizaremos un percorrido interpretativo de tres quilómetros pola ribeira do río San Xil descubrindo a historia e natureza deste espazo único. Para finalizar, realizaremos un brindis con viño da D.O. Valdeorras na taberna de Eco dos Teixos.

- 🕒 Domingo 17 de maio, de 10.00 a 14.30 h
- € 28 € | Imprescindible reserva previa
Dificultade moderada | Idade mínima: 16 anos
Grupo máximo: 8 participantes

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Eco dos Teixos
Tel.: 669 724 206
www.ecodosteixos.com
ecodosteixos@gmail.com

17 DE MAIO: LETRAS GALEGAS NA ADEGA. SESIÓN VERMÚ PRIMAVERA DE GODELLO

Cova da Xabreira celebra o día das Letras Galegas organizando unha sesión vermú con viño godello da súa adega.

- 🕒 Domingo 17 de maio, ás 12.30 h
- € 12 €

📍 MÁIS INFORMACIÓN:

Cova da Xabreira
Tel.: 988 984 827
www.covadaxabreira.es
lugardeencontros@covadaxabreira.es



Adegas participantes

Adegas participantes en Enoturismo Galicia, Primavera de Portas Abertas



- Adegas Daniel Fernández
- Bodegas Ladairo
- Bodegas Triay
- Pazo de Valdeconde
- Vía Arxéntea



- A Bágua
- A Coroa
- Adegas Alan de Val
- Adegas Melillas e Fillos
- Adegas O Casal
- Bodega Roandi
- Bodegas Blare
- Bodegas Godeval
- Cova da Xabreira
- Joaquín Rebolledo
- O Luar do Sil
- Quinta da Peza
- Sampayolo
- Terriña



- Adegas Eidos
- Adegas e Viñedos Paco & Lola
- Adegas Terra de Asorei
- Adegas Valmiñor
- Bodega Casa da Barca
- Bodegas As Laxas
- Bodegas Fillaboa
- Bodegas Martiñ Códax
- Bodegas Señorío de Rubiós
- Bodegas Viña Nora
- Bouza de Carril
- Lagar da Cachada
- Lagar de Besada
- Lagar de Fornelos
- Pazo de Almuíña
- Terras Gauda
- Torre Penelas



- Adegas Cachín
- Adegas Vella
- Bodega Proencia
- Bodega Ribada
- Casa Moreiras
- Condado de Sequeiras
- Ponte da Boga
- Rectoral de Amandi
- Ronsel do Sil
- Val de Quiroga
- Vía Romana



- A Vilerma
- Adegas Pousadoiro
- Adegas Celme
- Bodegas Cunqueiro
- Casal de Armán
- Casal do Canteiro
- Cuñas Davia
- Granxa d'Outeiro
- Licores Os Maios
- Pazo de Vieite
- Ramón do Casar
- Viña Costeira



Ilustración portada: Ana Barrado

Diseño: Empatía Comunicación

Edición: Turismo de Galicia

Impresión: Agencia Gráfica

Depósito Legal: C 351-2026


O Enoturismo de Galicia no teu móbil

A aplicación Enoturismo en Galicia pode descargarse gratuitamente dende as tendas de aplicacións das plataformas iOS e Android. A información proporciónase en galego, castelán e inglés, optando o usuario polo idioma que prefira. Esta ferramenta ofrece información sobre todos os establecementos adheridos ás cinco Rutas dos Viños de Galicia: adegas, destilerías, restaurantes, aloxamentos, empresas de lecer, museos, oficinas de información turística, axencias de viaxes especializadas, enotecas, etc. facilitando deste xeito ao usuario o coñecemento do enoturismo da nosa Comunidade Autónoma.

Cada unha das cinco Denominacións de Orixe galegas -Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra e Valdeorras- son presentadas amosando as características dos seus territorios e dos seus viños. Esta aplicación permite obter unha información precisa de cada recurso xa que automaticamente posibilita realizar unha chamada telefónica, enviar un correo electrónico ou acceder directamente á web propia de cada establecemento, así como tamén ofrece información práctica de como chegar ao mesmo directamente a través de "Google maps".



www.turismo.gal



GALICIA
CALIDADE

Xacobeo  2027



Valde  rras Ruta do Viño

